

Escritores no Camiño

[Ruta do Camiño Portugués](#)



Catedral de Tui



Ruta do Camiño Portugués

119 kms

A ruta do Camiño Portugués empeza en Galicia na localidade pontevedresa de Tui, aproveitando a calzada romana Vía XIX que unía Braga con Astorga, enlazando localidades como Santiago, Lugo ou Pontevedra. Este camiño contribuíu ao interambio cultural e económico con Portugal e incluso algúns dos monarcas lusos completaron esta ruta, como foi o caso de Isabel de Portugal, no século XIV, ou o de Manuel I, no século XVI.

Tui destacou ao longo da historia pola súa posición estratéxica e chegou a ser capital do antigo Reino de Galicia. A súa imponente catedral, con remate exterior fortificado, destaca na parte máis alta do zona monumental, repleta de rúas nas que se agrupaban tendas e obradoiros de antigos oficios. No interior, pódese visitar unha capela dedicada a Santiago, un relevo coa aparición da Virxe do Pilar ao apóstolo e unha talla ecuestre súa coroa o órgano situado no lado do Evanxelio na nave principal. O Museo Diocesano, que se pode visitar a día de hoxe, ocupa o edificio do vello hospital de peregrinos.

Oriundo desta vila foi o escritor **José María Álvarez Blázquez**, enmarcado na Xeración de 1936. En 2008 dedicóuselle o Día das Letras Galegas e foi membro da Real Academia Galega. Co título *En el pueblo hay caras nuevas* conseguiu ser finalista do Premio Nadal en 1945 e ao longo da súa traxectoria cultural, na que compaxinaría a literatura co xornalismo, a investigación, a crítica literaria ou a política, fundaría as editoriais Monterrey e Castrelos. Publicou ensaio, narrativa e poesía, destacando entre as súas obras *Poemas de ti e de min*, *Romance do pescador pe-*





leriño, Canle segredo, O vencello espiritual do Fisterras Atlánticos, O libro na tradición popular galega, Os ruíns ou A muller na literatura medieval e outras achegas etnográficas, entre outros.

Esta ruta atravesamos **O Porriño**, seguinte poboación importante que atopará o viaxeiro, onde tamén se levantou un hospital para atender os peregrinos no século XVI. Desta localidade é o escritor e periodista **Diego Giráldez**, que colabora con medios como *Praza Pública, A Nosa Terra, El País, Luzes* ou *Xornal de Galicia*. Con *Galería de saldos* e *Hotel para coleccionistas discretos*, Giráldez adéntrase na narrativa, aínda que tamén, como especialista en Historia da Arte, escribiu *O Porriño. Arquitectura urbana e Antonio Palacios. Arquitecto*.

Diego San José de la Torre é un autor que viviu na seguinte localidade da ruta, **Redondela**. A ela chegou tras sufrir condena de cárcere na Illa de San Simón e en Vigo durante o réxime franquista. Instalado en Redondela escribiu co pseudónimo Román de la Torre. Investigador do Século de Ouro, historiador, periodista e escritor, moita da súa produción literaria quedaría inédita, pero tras a súa morte publicouse a súa autobiografía *De cárcel en cárcel*. A súa contribución enriqueceu varios xéneros como o teatro, con títulos como *La ilustre fregona, El primer novio* ou *El semejante a sí mismo*; a zarzuela, con

La ventera de Alcalá; é o celebre autor da panxoliña *Arre Borriquito*; e entre as súas novelas destacan *Gratas memorias, La monja del amor humano, Godoy, El sombrerero del rey* ou *La estatua de nieve*.

Pontevedra, capital da provincia, é a seguinte parada desta vía. A súa tradición xacobeá está moi vencellada ao santuario da Virxe Peregrina, onde se custodia a imaxe da patroa da cidade, ataviada como tal. O templo no que se conserva presenta na fachada unha escultura de Santiago e sábese que na cidade había hospitais dedicados ao coidado dos viaxeiros que se dirixían a Compostela a rendir-lle culto ao apóstolo.


Neste histórico enclave naceron e viviron escritores moi relevantes, algúns dos cales presentamos a continuación. Entre eles destaca a figura de **Xosé Filgueira Valverde**, coñecido polo alcume de O vello profesor. Este intelectual foi cofundador de destacadas institucións galegas como o Museo de Pontevedra, o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos ou o Seminario de Estudos Galegos. Compaxinou a súa carreira literaria coa vida política, chegando a ser alcalde de Pontevedra e conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia a comezo dos anos 80. Autor polifacético, escribiu ensaio, poesía, narrativa e incluso un dicionario no que se recollía vocabulario popular traduci-

Santuário da Virxe Peregrina, Pontevedra



do do galego ao español. Títulos como *Os nenos*, *Quintana viva*, que ilustraría Castelao, *O baldaquino en Galicia de- nantes do arte barroco*, *Historias de Compostela*, *Santiago de Compostela* ou *Arredor do libro*. Artigos de biblio- grafía son algunhas das súas obras.

Susana Fortes, natural de Pontevedra, compaxina o seu labor como docente no Instituto Sorolla de Valencia coa es- critura, sendo autora dalgunha das no- velas máis lidas nas últimas décadas no ámbito nacional, como *Querido Corto Maltés*, *El amante albanés*, *Esperando a Robert Capa* ou *Septiembre puede esperar*. Foi finalista do Premio Planeta e do Premio Primavera de Novela, así como merecedora do Premio Fernando Lara de Novela e do Premio Nuevos Na- rradores.



Outras dúas figuras destacadas da in- telectualidade da cidade bañada polo Lérez son **Valentín Paz Andrade** e **Víctor Fernández Freixanes**. O primeiro



O Concello de Pontevedra e Edicións Xerais veñen de crear o Premio Literario Pinto e Maragota, mediante o cal se pretende visibilizar e dignificar a diversidade sexual e de xénero. A primeira gañadora foi **María Raimóndez**, escritora lucense afincada en Vigo, que coa súa obra *Cobiza* reflexiona acerca das identidades e orientacións sexuais desde un punto de vista feminista e ecoloxista.

compaxinou o seu labor de xurista coa de empresario, escritor e periodista. A súa cidade natal dedicoulle unha estatua que se pode contemplar na praza de San José. Discípulo de Castelao, estivo moi implicado no movemento galeguista, polo que sufriría destellos durante a Guerra Civil, ao tempo que comeza a súa carreira como avogado e colaborador na prensa de Vigo. Impulsor de faladoiros culturais na cidade olívica, estableceu relación con outros intelectuais como Fernández del Riego, Carlos Maside ou Prego de Oliver. Colaborador de revistas como *O Ensino*, *Outeiro* ou *Grial*, abordou o ensaio, a narrativa e a poesía. Seus son títulos como *Cartafol homenaxe a Otero Pedrayo*, *Pranto matricial*, *Cen chaves de sombra*, *Castelao na luz e na sombra* ou *Soldado da morte*.

Pola súa parte, **Víctor Fernández Freixanes** compaxina o seu labor como docente universitario coa de editor, periodista e escritor. Dirixiría, en distintos períodos, as dúas grandes editoriais galegas: Edicións Xerais e Editorial Galaxia. É autor de *O fresco*, *Memorias dun fuxido*, *O enxoval de novia*, *Unha ducia de galegos* ou *A cidade dos cé-sares*, esta última coa que obtería o Premio de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester en 1992. Este destacado galardón convócao anualmente a Deputación da Coruña como homenaxe ao escritor ferrolán, do que toma o seu nome, para fomentar a «capacidade fabuladora» entre os escritores.

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021